



B

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO
ALCALDE DO CONCELLO DE
PORTO DO SON
FAI SABER:**

A

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de convocar **axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar o corte do subministro eléctrico e de gas natural** ás persoas economicamente máis vulnerables.

Os gastos subvencionables serán o **100% do importe das facturas de electricidade ou gas natural (IVE incluído)** correspondente á vivenda habitual da persoa solicitante, cun límite máximo de 2 facturas/ano e importe máximo de 200 €/ano por solicitante.

N

Beneficiarios:

Poderán solicitar esta axuda as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos.

Requisitos:

- Ser o titular do contrato de subministración eléctrica.
- Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM (6.390,13 €/ano).
- Ter unha factura de electricidade ou gas natural pendente de pagamento e que xa transcorrese a data límite de pagamento especificada na factura, xa teñan ou non a subministración interrompida.

D

Documentación a presentar:

- Factura de enerxía eléctrica ou de gas natural non aboada, emitida pola empresa comercializadora.
- Certificado ou volante de convivencia/empadramento onde figuren todas as persoas que conviven no mesmo domicilio.

O

Para máis información poden dirixirse ás oficinas municipais de Servizos Sociais ou contactar no teléfono 981 86 74 14.

PRAZO DE SOLICITUDE: Ata o 15 de decembro de 2017

Porto do Son, 13 de xaneiro de 2017

O Alcalde

Asdo) José Luís Oujo Pouso



B

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON FAI SABER:

A

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de convocar subvencións para o pagamento de parte da factura eléctrica a través do **ticket eléctrico social** para o ano 2017.

REQUISITOS:

N

- Que na unidade de convivencia haxa menores de idade ou persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ser o/a pagador/a da correspondente factura de enerxía eléctrica.
- Que os ingresos totais da unidade de convivencia segundo o IRPF do exercicio 2015 (recadros 380 e 395) non superen o 1,5 IPREM (9.585,19 € anuais).

D

TIPO DE AXUDA:

Consiste nunha cantidade fixa de 180 € anuais para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos e de 300 € anuais para as que acrediten ser familia numerosa. Os gastos subvencionables serán as facturas de electricidade cuxo período de lectura estea comprendido entre o 1 de xullo de 2016 e o 30 de xuño de 2017.

Só poderá presentarse unha única solicitude por unidade de convivencia.

O

PRAZO DE SOLICITUDE: Do 17 de xaneiro ata o 15 de xullo de 2017.

Para máis información poden dirixirse ás oficinas municipais de Servizos Sociais ou contactar no teléfono 981 86 74 14.

Porto do Son, 18 de xaneiro de 2017

O Alcalde

Asdo) José Luis Oujo Pouso